

ct

Laica

de
Vanesa Sotelo

(fragmento)
en galego

Un cuarto lúgubre nunha casa lúgubre nun tempo lúgubre e balorento. Unha muller lúgubre distribúe diferentes velas no espazo decadente.

A MULLER

Ela sempre foi a nena difícil. ANDRÓMEDA, a princesa. CASIOPEA, a raíña. CETUS, a balea. SERPENS, a lagarta. VULPÉCULA, a raposa pequena. URSA MINOR, a osa menor. URSA MAIOR, condenada a non desaparecer nunca. HIDRA, o monstro de tres cabezas. PEGASO, o cabalo alado que naceu de Medusa. E Medusa? Onde está no ceo a muller decapitada? A ela gustáballe vivir así. Ás escuras. Metíase no cuarto e pasaba o tempo así. Ás escuras. Na verdade, ela sempre viviu así. Ás escuras. Colocábase aquí e dicía: Intento comprender. Dicía: Se miro a escuridade con unha lupa, verei algo máis que a escuridade? Eu pasaba horas mirando para ela pero non acaba de entender que parte do seu cerebro se iluminaba. Sempre á contra. Ela sempre foi a nena difícil.

Ao tempo que acende cada vela, A MULLER apaga a luz do misto fúnebre que prende a chama.

Andrómeda, a princesa. Casiopea, a raíña. Cetus, a balea. Serpens, a lagarta. Vulpécula, a raposa pequena. Ursa minor, a osa menor. Ursa maior, condenada a non desaparecer nunca. Hidra, o monstro de tres cabezas. Pegaso, o cabalo alado que naceu de Medusa. E a virxe? Regaleicha para que te protexese pero... “Xa me protexo soa”, dicías. Ti só sabías falar de estrelas, de galaxias, de anos luz e de fórmulas matemáticas. Esta vida é arte e ciencia ou guerras. Dicías. Eu nunca entendín o mundo do que me falabas. Ti tampouco entendías o mundo no que vivías. Eu pasaba horas mirándote pero non se pode entender o universo mirando desde a fiestra a osa maior.

A muller lúgubre ilumina ao seu redor.

Estaban aí. Levan aí moito tempo? Non os sentín chegar. Tiñan que terme avisado de que estaban aí. Deberon avisarme antes de entrar. Que clase de educación recibiron? Sería unha educación pública, claro. Non importa. Agora xa está. Agora xa están aquí.

A miña irmá estaría moi contenta por telos aquí. Espero que limpasen ben os pés antes de entrar. Espero que non lles moleste o incenso, é polo cheiro. Non me gusta o cheiro dos estraños nesta casa.

Supoño que a coñecen todos de cando estivo en Rusia. Xa saberán que ela me chamaba Laika. Como a cadela, si. Se estiveron en Rusia con ela saberán que Laika quere dicir “a que ladra”. Voute chamar Laika, díxome un día. Como a primeira mártir da carreira espacial. Voute chamar Laika por mártir e porque sempre estás ladrando. A miña irmá nunca me gustou pero era a miña irmá e eu sempre respectei a familia. A familia é a cousa máis sagrada que hai. E eu sempre respectei a familia.